



## PRÉSTAMO DE INSTRUMENTO MUSICAL

Curso 202\_\_ / 202\_\_

|                            |                 |
|----------------------------|-----------------|
| <b>Data do préstamo:</b>   | Nº de Rexistro: |
| Duración do préstamo:      |                 |
| <b>Data de devolución:</b> |                 |

### DATOS DO SOLICITANTE

|   |               |
|---|---------------|
| <b>Nome e Apelidos do responsable:</b><br>(Pai/nai/titor) | DNI:          |
| <b>Nome e Apelidos do/a alumno/a:</b>                     | DNI:          |
| <b>Teléfono:</b>  | <b>Email:</b> |

| INSTRUMENTO PRESTADO | REFERENCIA |
|----------------------|------------|
|                      |            |

### CONDICIÓN PARTICULARES

Contén:

### ACEPTACIÓN E AUTORIZACIÓN

Acepto os termos e condicións de préstamos de instrumentos da ESMU Municipal

| ACEPTACIÓN             | AUTORIZACIÓN                                   |
|------------------------|--|
|                        |  |
| Asdo. O/a interesado/a | Asdo. Director da ESMU Municipal de Ortigueira |

| DEVOLUCIÓN (Condicions de entrega)  | Asdo. o Director |
|---|------------------|
| <input type="checkbox"/> FAVORABLE  |                  |
| <input type="checkbox"/> NON FAVORABLE (Entrega o instrumento con deficiencias) |                  |

# PRÉSTAMO DE INSTRUMENTOS MUSICAIS

## *ESMU MUNICIPAL DE ORTIGUEIRA*

### **I. OBXECTO:**

O presente documento ten por obxecto establecer os termos nos que a Escola de Música Municipal ofrece o servizo de préstamo de instrumentos musicais.

### **II. ALCANCE:**

As disposicións reguladoras incluídas neste documento son de aplicación aos instrumentos dispoñibles para ofrecer o servizo, e aos usuarios potenciais do mesmo, tal e como se concreta nos apartados seguintes.

### **III. PERSOAS:**

Son usuarios potenciais do servizo os alumnos que estudan un instrumento na Escola de Música Municipal de Ortigueira.

### **IV. INSTRUMENTOS:**

Os instrumentos que pertencen ó banco de instrumentos son tanto de titularidade municipal, como de Asociacións Musicais que mediante convenio coa ESMU colaboran coa formación musical da nosa escola.

*O préstamo será do instrumento, funda, boquilla.. e todo canto sexa necesario para o seu uso, agás accesorios (tipo canas ...)*

### **V. CONDICIÓN DO PRÉSTAMO:**

O préstamo do material será por un período fixo, establecido no formulario do préstamo. Unicamente se prevé unha prórroga do préstamo cando o alumno houbese cumprimentado a solicitude de reserva de praza para o seguinte curso. Se durante o período de préstamo o alumno/a non está o corrente co pago das taxas da ESMU poderá serlle reclamado, tendo que devolve-lo de inmediato.

Non se permite a cesión, usufruto ou arrendamento a terceiras persoas.

A recollida, devolución e transporte correrá por conta do beneficiario.

### **VI. RESPONSABILIDADES DO USUARIO:**

O mantemento do instrumento, durante o período de préstamo, corre a conta do beneficiario, así como as reparacións de danos no instrumento ocasionados por un uso indebido do mesmo.

O beneficiario será o responsable da custodia e bo uso do instrumento en préstamo.

En caso de extravío do equipamento prestado, o beneficiario é o responsable da reposición do mesmo. Se se detectase un mal uso do instrumento, a ESMU resérvase o dereito de solicitar a devolución inmediata do mesmo.

**VII. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:**

A adxudicación do instrumento buscará beneficiar a todos os alumnos que se inicien na práctica dun instrumento sen necesidade de adquirilo no momento da primeira matrícula, realizarase conforme á dispoñibilidade dos instrumentos atendendo aos seguintes criterios:

- Nº de instrumentos solicitados
- Finalidade do préstamo
- Duración do préstamo

**VIII. XESTIÓN DO PRÉSTAMO:**

A xestión do préstamo do instrumentos realízase integramente a través da a Escola de Música Municipal de Ortigueira. Para ter acceso ao servizo, deberase de entregar debidamente cumprimentado o formulario do préstamo, dispoñible na Secretaría da Escola de Música, acompañado de copia de DNI ( no caso de ser menor de idade, corresponderá o DNI do pai, nai ou titor quen se fará cargo do instrumento)

**IX. ANUNCIOS E NOTIFICACIÓNS:**

Os cambios e alteracións do servizo, serán notificadas mediante anuncio exposto no taboleiro de anuncios da Escola Municipal de Música.

**Asdo. o/a Solicitante**

**Asdo. o Director da Escola de Música Municipal de Ortigueira**